

PEZA DO MES

maio

2019



FRASCO DE PÓLVORA

XUNTA DE GALICIA



Frasco de pólvora

Os frascos para pólvora foron parte do equipo dos tiradores cando menos durante trescentos anos ata a popularización das armas de cartucho metálico, na década entre 1860 e 1870. Antes desa data soamente no eido militar se empregaba de xeito xeneralizado o cartucho de papel nas armas de avancarga, que concentraba nun mesmo paquete bala, pólvora e taco; os civís adoitaban portar os compoñentes que permitían completar a carga dunha arma de fogo de xeito independente e ordenados en distintos recipientes: unha bolsa de coiro ou tea forte para gardar as balas ou perdigóns de chumbo e, para levar a pólvora, un corno habitualmente de vacún. Descoñécese o porqué da preferencia por este material orgánico con prioridade sobre outros. Quizais foi escollido pola súa ergonomía e lixeireza ou porque o propio material presenta características intrínsecas que o fan idóneo para almacenar un produto altamente higroscópico e polo tanto propenso a amazocarse e alterarse con certa facilidade, algo frecuente nos recipientes metálicos empregados sobre todo nos séculos XVIII e XIX que, ó condensar a humidade, derramaban a pólvora. Sexa como fora o certo é que os tratados de caza da época recomendan o uso deste material con preferencia sobre outros e a imaxe de cargar unha arma vertendo no canón a pólvora dun corno é algo que asociamos con certa facilidade.

Posto que o frasco de corno para a pólvora é xa no século XIX un obxecto de uso preferentemente civil, préstase a ser personalizado polo seu dono para distinguilo doutros semellantes, ben sexa por motivos prácticos ou máis probablemente como mostra de presunción, pois pola súa propia natureza poucos cornos serán idénticos. Polo tanto, non sería axeitado tratar o obxecto que nos ocupa como un simple recipiente contedor, pero resulta evidente que o seu dono tentou facer del algo único e representativo, personalizando a súa superficie cun minucioso traballo artesán, sinxelo e pouco académico no seu aspecto, pero indubidablemente valioso polo seu valor etnográfico. Ademais, o bastante detallado como para recoñecer nas imaxes unha arma de pistón e non de chispa, aínda en uso nesa data para a caza.

Afortunadamente para nós, esta peza xa chamou a atención de Xoaquín Lorenzo Fernández, que a debuxou e describiu de xeito minucioso nun artigo publicado no Boletín Auriense en 1981, pero ademais o propietario do frasco quixo deixar cunha inscrición constancia do seu nome e mais unha data que nos achega á época da súa manufactura e uso: «BYBA MI DUEÑO ROMUALDO MARTNEZ AÑO 1851» pregoa a inscrición, fórmula por outro lado moi socorrida na época á hora de adornar obxectos persoais das máis variadas formas e utilidades e loar a un tempo o propietario.

Este corno de pólvora é, pois, unha boa mostra de arte popular sobre un material orgánico que se presta ben para ser traballado, ao permitir pola súa composición unha talla precisa. O material vén sendo empregado dende a «noite dos tempos» para elaborar multitude de obxectos utilitarios: puntas para armas, mangos de ferramentas e coitelos, botóns, recipientes para gardar alimentos, instrumentos musicais, vasos, adornos persoais e naturalmente frascos de pólvora. Temos, polo tanto, que tan interesante como o obxecto en si, e o material que emprega, é a súa ornamentación en medio relevo que o recobre case integramente, a excepción do terzo máis estreito da peza, que é lisa e de sección octogonal. A decoración dos dous terzos máis anchos é figurativa, mostrando imaxes populares de tauromaquia e de caza, entre dous reberetes de tipo xeométrico, estando na inferior a citada inscrición que data a peza e permite coñecer o nome do seu dono. Polo demais, pouco se pode deducir do significado das escenas representadas fóra do evidente, sen que se poida descartar, como apunta Xoaquín Lorenzo, o posible carácter



apotropaico dalgunha das figuras zoomorfas que se representan.

O corno mantén a súa característica forma natural, a punta ten labrada un brocal cónico para adaptar ó canón e verter a pólvora e, a continuación, un rebaixe para levar o cordón de pendurar e probablemente a suxeición do tapón. No extremo máis ancho aínda mantén o tope interior para a tapa de madeira, que podía ser fixa, o xeito máis frecuente e quizais o sistema deste frasco, ou removible para permitir encher a polvoreira cando fose preciso. Así mesmo, conta con dous orificios que terían conta da argola para pendurar, pois o frasco levábase terzado ó costado, normalmente bastante alto e lixeiramente por baixo do peito.

Segundo Xoaquín Lorenzo, esta peza procede de Castela e verdadeiramente obxectos similares son descritos polo etnógrafo leonés César Moran Bardón (1882-1951). Trátase, pois, dunha peza de marcado carácter castelán con paralelismos evidentes con deseños frecuentes en frascos semellantes e aínda noutras pezas utilitarias do mesmo material, tanto na súa estrutura formal como nas escenas que amosa na decoración.

Como colofón, se nos achegamos á época de manufactura da peza, é precisamente a mediados do século XIX cando as armas de carga frontal (avancarga), que alcanzaron o seu máximo

perfeccionamento, comezan o seu declive ante a aparición dalgúns cartuchos de papel para retrocarga como os Dreyse (1848) e Sharp (1848) e o máis moderno por concepto, a pesar de ser algo anterior, Flobert (1845), totalmente metálico pero de escasa potencia e iniciador anular.

Aínda así, as armas de carga frontal perduraron longo tempo, chegando nalgúns lugares ata o século XX, e foron relegadas aos poucos polas armas de retrocarga e cartucho metálico. En Europa a aparición do cartucho de espiga Lefauchaux (patentado en 1836, pero popularizado na década de 1840-1850) deu moi cedo a «puntilla» ás armas de avancarga tanto curtas como de caza, aínda que non obtivo moito éxito no campo militar. A evolución posterior cara a cartuchos metálicos de fogo central, tal e como os coñecemos actualmente, deixou en desuso a totalidade dos artefactos descritos e convérteos en pezas curiosas polo seu valor etnográfico e histórico. É así que os cornos de pólvora foron caendo en desuso e transformándose en obxectos decorativos, ben que algúns foron aproveitados con outras utilidades ata que ben por deterioración ou por obsolescencia tecnolóxica se foron desbotando, e actualmente son obxectos pouco frecuentes.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xilgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: Juan Manuel González de Carballo


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

 Xacobeo 2021



 XUNTA DE GALICIA